XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Procedemento Sancionador 5-2024

Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 14 de febreiro de 2024, polo que se incoa un procedemento sancionador en relación co alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, derivado da denuncia da representante xeral do Partido Popular polo anuncio de determinadas obras

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 13 de febreiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular formaliza unha denuncia contra o alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, na que puña en coñecemento da Xunta Electoral de Galicia a existencia de varios carteis na vía pública nos que se anunciaban as seguintes obras cuxa contratación non fora adxudicada:

-*Acondicionamento e mellora dos espazos urbanos na rúa Alejandro Pedrosa.*

-*Humanización da Avda. De Portugal dende Ervedelo ata a Rúa Vila Valencia.*

-*Anteproxecto: Parque Acuático Termal.*

2. O 13 de febreiro de 2024, trasladóuselle ao Sr. alcalde de Ourense unha copia da denuncia para que puidese formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante xeral do Partido Popular.

3. O 14 de febreiro de 2024, o Sr. alcalde de Ourense formulou alegacións.

4. O 14 de febreiro de 2024, a Xunta Electoral de Galicia adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Estimar a denuncia e declarar que o Sr. alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, incorreu nas prohibicións establecidas nas alíneas 2 e 3 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado o principio de neutralidade política polos anuncios que deron lugar a súa presentación.

Segundo. Requirir do denunciado a que curse as ordes correspondentes para retirar de xeito inmediato os citados carteis, advertíndolle que se absteña de levar a cabo unha acción semellante durante o proceso electoral.

Terceiro. Determinar a apertura dun procedemento sancionador en relación co Sr. alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 18 h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, atribúelle á Xunta Electoral de Galicia a competencia para corrixir as infraccións que se produzan no proceso electoral e, consecuentemente, para resolver esta procedemento sancionador.

O artigo 153.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), regula as infraccións electorais das normas obrigatorias establecidas nela que non sexan constitutivas de delito e establece como sanción, unha multa de 300 a 3.000 euros se se trata de autoridades ou funcionarios.

Visto o art. 50 da LOREX, interpretado polas instrucións 3/2019, do 4 de marzo, e 2/2011, do 24 de marzo da *Junta Electoral Central*.

Visto o artigo 120 da LOREX, que se remite á lei reguladora do procedemento administrativo común en todo o non expresamente regulado en materia electoral pola primeira.

Visto o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de aplicación supletoria.

A Xunta Electoral de Galicia adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro. Incoar procedemento sancionador en relación co alcalde de Ourense, don Gonzalo Pérez Jácome, derivado da denuncia do Partido Popular sobre a existencia de varios carteis nos que se anunciaban as seguintes obras cuxa contratación non fora adxudicada: *Acondicionamento e mellora dos espazos urbanos na rúa Alejandro Pedrosa, Humanización da Avda. De Portugal dende Ervedelo ata a Rúa Vila Valencia* e *Anteproxecto: Parque Acuático Termal*, por unha posible infracción das prohibicións establecidas nas alíneas 2 e 3 do art. 50 da LOREX.

Segundo. Nomear instrutora a dona Dolores Rivera Frade, vogal da Xunta Electoral de Galicia, e secretario a don Xosé Antón Sarmiento Méndez, secretario da Xunta Electoral de Galicia. Ambos manifestan a aceptación do nomeamento e declaran non estar incursos en causa de abstención das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e normativa aplicable.

Terceiro. Conforme ao disposto no art. 64.2.d) da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), o presunto responsable poderá recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no art. 85 da dita lei.

Cuarto. Conforme ao disposto no art. 64.2.f) da LPAC, terá dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento.

Quinto. O presunto responsable poderá exercer o resto dos dereitos previstos no art. 53.2 da LPAC.

Sexto. Comunicarlle este acordo ao alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, para os efectos do seu coñecemento e, se é o caso, para que poida recusar ao instrutor e ao secretario sempre que se dean neles algún dos supostos previstos no artigo 24 da LRXSP. A recusación deberá facerse por escrito dirixido á Xunta Electoral de Galicia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:00 horas do próximo día 17 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal